

A CORUÑA EN CIFRAS



MULLERES E HOMES NA CIDADE

Balance estatístico, 2016

COORDINACIÓN E ELABORACIÓN DO INFORME:

Concellaría de Igualdade e Diversidade

Observatorio Municipal de Igualdade e Diversidade

Observatorio Urbano

Observatorio Sociolaboral

ÍNDICE

1. Presentación	6
2. A cidade	8
a. Datos demográficos	9
i. Estrutura da poboación polo sexo e a idade no concello da Coruña	9
ii. Indicadores demográficos	10
iii. Distribución da poboación segundo sexo, idade e distrito censual	12
iv. Movementos migratorios polo sexo	17
v. Poboación española residente no estranxeiro inscrita no concello da Coruña, segundo o sexo	17
vi. Poboación estranxeira que reside no concello da Coruña segundo o sexo e principais nacionalidades	18
vii. Censo de persoas con discapacidade segundo o sexo, grao e tipo de discapacidade	20
b. Educación	21
i. Distribución da poboación segundo sexo e nivel de estudos	21
ii. Alumnado matriculado en ensinanzas de réxime xeral segundo o sexo e a ensinanza non universitaria	22
iii. Alumnado sen nacionalidade española matriculado en ensinanzas de réxime xeral segundo sexo e continente de procedencia	23
iv. Alumnado matriculado en ESO segundo o sexo, resultados obtidos e titularidade do centro	23
v. Profesorado de ensinanza non universitaria en centros de réxime xeral segundo sexo e titularidade do centro	24
vi. Alumnado matriculado na UDC de grao e de titulacións non adaptadas ao EEES por centro universitario do Campus da Coruña	24
vii. Profesorado da UDC segundo o sexo, a categoría e a dedicación	25
c. Situación laboral	26
i. Poboación de 16 e máis anos segundo o sexo e a relación coa actividade económica	26
ii. Taxas de actividade, ocupación e paro segundo o sexo	27
iii. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o sexo e grupos de idade	29
iv. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o sexo e a	

nacionalidade	30
v. Contratos realizados no ano 2015 segundo a tipoloxía e o sexo da persoa contratada	31
vi. Comparativa nos salarios	32
vii. Poboación parada segundo sexo e idade	33
viii. Poboación parada segundo sexo e nivel académico	34
ix. Poboación parada segundo sexo e actividade económica	35
d. Prestacións económicas	37
i. Prestacións por desemprego	37
ii. Persoas perceptoras de prestacións contributivas da Seguridade Social segundo o sexo	38
iii. Persoas perceptoras de prestacións non contributivas da Seguridade Social segundo o sexo e tipo de prestación	38
iv. Persoas perceptoras da RISGA e AES	39
3. A corporación municipal	40
a. Representación política	41
b. Persoal directivo	41
c. Distribución do cadro de persoal do Concello da Coruña por sexo	42
d. Permisos, licenzas e excedencias relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral do persoal do Concello da Coruña	44
4. Servizos municipais	46
a. Mobilidade urbana	47
i. Persoas usuarias do Servizo Bicicoruña	47
ii. Persoas usuarias da Tarxeta Millennium e viaxes realizadas nos buses urbanos	47
b. Bibliotecas municipais	48
c. Escolas Deportivas Municipais	48
d. Servizo Municipal de Emprego	49
e. Oficina Municipal de Información ao Consumo (OMIC)	50
f. Ocio e actividades lúdicas	50
g. Servizo de atención infantil para conciliación. Canguraxe municipal	53
h. Atención a grupos poboacionais específicos	53
h.1. Centro de Información dos Dereitos ás Mulleres (CIM)	53

h.2. Unidade de Atención á poboación Migrante (UAMI)	54
h.3. Centro de Planificación Familiar. Servizo de atención a menores de 20	55
h.4. Servizos sociais	56
i. Proceso participativo 'A Porta Aberta'	57

PRESENTACIÓN

O presente informe xorde da necesidade de aproximarnos ao coñecemento da realidade no termo municipal da Coruña, identificando as situacións que afectan á cidadanía de maneira diferenciada e que puidesen revelar a existencia de desigualdades. Esta premisa de partida orientou o proceso de elaboración do informe, para ofrecer unha panorámica global e descritiva da situación das mulleres na Coruña -en comparación coa dos homes- en distintos ámbitos. O propósito é visibilizar a situación actual, a través dunha selección de indicadores relevantes en diferentes ámbitos e identificando a segregación por xénero que atravesada realidade das condicións das vidas das mulleres, un paso previo necesario para poder valorar os aspectos nos que incidir desde as políticas públicas e os avances e posibles retrocesos que puidesen ocorrer no camiño que hai que emprender cara á igualdade.

O informe *‘A Coruña en cifras. Informe de situación das mulleres e os homes na cidade’* é o primeiro balance estatístico elaborado desde o Observatorio Municipal de Igualdade e Diversidade en colaboración coas dúas persoas responsables dos contidos do Observatorio Urbano e o Observatorio Sociolaboral do Concello da Coruña. Nútrese fundamentalmente de fontes oficiais, ao utilizar datos estatísticos procedentes do Instituto Galego de Estatística, Instituto Nacional de Estadística, así como de organismos e outras institucións públicas como a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña ou a Universidade da Coruña.

A estrutura do informe preséntase en tres partes que, no seu conxunto, dan unha ampla dimensión da realidade municipal e do uso diferenciado que realiza a poboación herculina dos servizos públicos de maior incidencia sobre as condicións da vida cotiá na cidade.

Na primeira parte móstrase unha panorámica da cidade, da súa estrutura poboacional, perfís educativos e situación sociolaboral máis representativa. A segunda parte está focalizada na composición do Concello como corporación pública e empregadora de persoas. A terceira parte recolle unha primeira aproximación ao perfil das persoas usuarias dos servizos municipais.


A CIDADE

a. Datos demográficos

i. Estructura da poboación por sexo e idade no concello da Coruña

A poboación coruñesa ascende a 243.480 habitantes a 1 de xaneiro de 2015, dos cales o 46,4% son homes e o 53,6% mulleres, segundo os datos do Instituto Nacional de Estadística (INE).

O seguinte gráfico amosa a distribución da poboación herculina segundo o sexo e os grupos quinquenais de idade:



Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)

A estrutura de idade da poboación indica unha significativa redución nas cohortes menores de 35 anos, como resultado do descenso da natalidade iniciado nos anos 80, cambiando o noso modelo demográfico.

Obsérvase que o maior peso da poboación recae entre as idades de 35 a 49 anos, representando un 24,9% do total de poboación.

Tal e coma sucede en todas as poboacións de países desenvolvidos, nas franxas de maior idade hai máis poboación feminina que masculina. Esta é unha consecuencia directa de que a esperanza de vida sexa maior nas mulleres ca nos homes.

ESPERANZA DE VIDA AO NACER		
	HOMES	MULLERES
Concello da Coruña	79,84	86,04
Galicia	79,72	86,03

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Datos provisionais do ano 2014

Denomínase *esperanza de vida ao nacer* o número medio de anos vividos por unha xeración de nados baixo unhas condicións de mortalidade dadas.

Na actualidade sitúase nos 80 anos nos homes e 86 nas mulleres. A evolución mostra unha redución da diferenza entre ambos os sexos por causa das melloras médicas e dos cambios nos patróns de vida das mulleres.

Outro indicador que cómpre sinalarmos é o *Índice de masculinidade*, que se refire a cantos homes hai por cada cen mulleres. No concello da Coruña é de 86,6 no ano 2015.

A estrutura da poboación por idade mostra un feito pouco común: no grupo de idade laboral 16-64 anos hai máis mulleres que homes. Comparado coas outras provincias de España, soamente na da Coruña e Pontevedra en Galicia, xunto a Asturias, se dá esta situación ao longo da serie dispoñible do período 1998-2015.

ii. Indicadores demográficos

INDICADORES DEMOGRÁFICOS DO CONCELLO DA CORUÑA			
	HOMES	MULLERES	TOTAL
ÍNDICE DE DEPENDENCIA XERAL	50,05	59,73	55,09
ÍNDICE DE DEPENDENCIA XUVENIL	19,79	17,69	18,70
INDICE DE ENVELLECIMENTO	117,68	182,96	149,81
INDICE DE SOBREENVELLECIMENTO	11,03	17,22	14,75
INDICE DE RECAMBIO DE POBOACIÓN ACTIVA	149,68	198,06	173,47

Fonte: Concello da Coruña. Observatorio Urbano. Elaborado a partir de datos do INE. Datos do 1 de xaneiro de 2015

O *índice de dependencia xeral* defínese como o cociente da poboación maior de 64 anos e menor de 15 anos entre a poboación comprendida dos 15 aos 64 anos por cento.

$$\text{Índice de dependencia xeral} = [(Pob. >64) + (Pob. <15)] * 100 / (Pob. 15-64)$$

Este indicador fai referencia á “carga” que supón a poboación economicamente pasiva para a poboación activa. Canto máis elevado sexa o valor, maior é a carga da poboación pasiva sobre a activa.

No concello da Coruña, o índice de dependencia xeral é maior nas mulleres que nos homes debido á maior lonxevidade das mulleres.

O *índice de dependencia xuvenil* obtense do cociente entre a poboación menor de 15 anos e a poboación entre 15 e 64 anos, expresado en tanto por cento.

$$\text{Índice de dependencia xuvenil} = (\text{Pob. } <15) * 100 / (\text{Pob. } 15-64)$$

Este indicador fai referencia ao peso que ten a poboación infantil e xuvenil sobre a poboación activa. Canto maior sexa o valor do índice, maior é o peso da poboación infantil e xuvenil.

No concello da Coruña, o índice de dependencia xuvenil é maior nos homes que nas mulleres, polo maior nacemento de nenos que de nenas.

O *índice de envellecemento* defínese como o cociente entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos, expresado en tanto por cento.

$$\text{Índice de envellecemento} = (\text{Pob. } >64) * 100 / (\text{Pob. } <20)$$

Este indicador fai referencia á capacidade de renovación xeracional. A maior valor do índice, menor capacidade de renovación xeracional.

O *índice de sobreenvellecemento* é o cociente entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos, expresado en tanto por cento.

$$\text{Índice de sobreenvellecemento} = (\text{Pob. } >84) * 100 / (\text{Pob. } >64)$$

O incremento do valor do índice indica un maior envellecemento da poboación.

Tanto no índice de envellecemento como no de sobreenvellecemento é maior o valor no caso feminino debido á meirande lonxevidade das mulleres.

O *índice de recambio de poboación activa* obtense ao calcular o cociente entre a poboación de 60 a 64 anos e a poboación de 15 a 19 anos, expresado en tanto por cento.


$$\text{Índice de recambio de poboación activa} = (\text{Pob. } 60-64) * 100 / (\text{Pob. } 15-19)$$

Este índice mide a capacidade de substitución da poboación activa. O decrecemento do valor do indicador representa unha maior capacidade de renovación xeracional da poboación activa.

A diferenza que se atopa por sexo no índice de recambio de poboación activa é debida a que hai máis mulleres que homes na franxa de idade de 60 a 64 anos (56% mulleres, 44% homes) e, ademais, máis homes que mulleres na franxa de 15 a 19 anos (49% mulleres, 51% homes).

iii. Distribución da poboación segundo o sexo, a idade e o distrito censual

O concello da Coruña divídese en dez distritos censuais e a distribución da poboación neles está representada no seguinte gráfico:



A táboa que se amosa a continuación mostra a distribución porcentual da poboación por xénero e distrito censual; a composición en cada distrito mantén características semellantes: a maior proporción de mulleres en todos eles, e a equiparación porcentual entre mulleres e homes no distrito 9.

DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN POR DISTRITOS CENSAIS E SEXO					
Distritos	% homes	% mulleres	Distritos	% homes	% mulleres
1	46%	54%	6	47%	53%
2	46%	54%	7	46%	54%
3	45%	55%	8	48%	52%
4	46%	54%	9	50%	50%
5	47%	53%	10	48%	52%

Fonte: Concello da Coruña. Observatorio Municipal de Igualdade e Diversidade. Elaborado a partir dos datos do INE. Datos do 1 de xaneiro de 2015

DISTRITOS CENSUAIS

Distrito 1: Cidade Vella, Juana de Vega e Orzán (lindando coa praza de España).

Distrito 2: Monte Alto, A Torre e Adormideiras.

Distrito 3: Juana de Vega, Juan Flórez, Catro Camiños, Palloza, Ramón y Cajal e parte de Avda. do Exército.

Distrito 4: parte da Avda. de Fisterra, Estación de Ferrocarril, Joaquín Planells*, Mallos e Sagrada Familia. *(Na actualidade (Lei da memoria histórica): avenida Ferrocarril)

Distrito 5: Labañou, Zona Escolar, San Pedro de Visma, Estrada dos Fortes e Os Rosales.

Distrito 6: Avda. de Fisterra ata Avda. de Peruleiro (Agra do Orzán).


Distrito 7: Os Castros, Castrillón, 1ª fase do polígono de Elviña, 2ª fase do polígono de Elviña, zona Gaiteira, Birloque e Martinete.

Distrito 8: As Xubias, Ponte Pasaxe, Santa Gema, Palavea, Eirís, A Madosa, A Regueira e Pedralonga.

Distrito 9: Lugar de Elviña, Zapateira, Mesoiro, Feáns e Vío.

Distrito 10: A Grela, A Silva, Ventorrillo, A Moura, lugar de Cances, lugar de Bens, Nostián e San Xosé.

No plano da seguinte páxina están debuxados os dez distritos censuais cos seus lindes en cor vermella.



Na táboa seguinte consta a distribución da poboación coruñesa por sexo, idade e distrito censual. O distrito máis poboado é o 7 onde residen un 22% dos habitantes da Coruña, seguido dos distritos 5 e 4. Os menos poboados son os distritos 8 e 10, cun 4% do total de habitantes da cidade en cada un deles.

POBOACIÓN DO CONCELLO DA CORUÑA POR SEXO, IDADE E DISTRITO CENSUAL									
	Distrito 1			Distrito 2			Distrito 3		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
0 a 4	430	225	205	1.210	614	596	914	459	455
5 a 9	473	222	251	1.126	545	581	1.026	527	499
10 a 14	346	193	153	1.049	566	483	895	453	442
15 a 19	341	167	174	1.057	535	522	851	434	417
20 a 24	441	203	238	1.188	620	568	1.017	531	486
25 a 29	682	328	354	1.435	698	737	1.183	556	627
30 a 34	899	431	468	2.141	1.004	1.137	1.594	812	782
35 a 39	1.067	522	545	2.609	1.278	1.331	1.909	949	960
40 a 44	1.102	565	537	2.599	1.263	1.336	1.934	926	1.008
45 a 49	897	459	438	2.344	1.096	1.248	1.781	822	959
50 a 54	868	433	435	2.161	959	1.202	1.665	737	928
55 a 59	800	365	435	1.967	922	1.045	1.700	762	938
60 a 64	690	320	370	1.866	788	1.078	1.693	644	1.049
65 a 69	771	324	447	2.046	881	1.165	1.812	771	1.041
70 a 74	692	295	397	1.634	703	931	1.509	613	896
75 a 79	580	219	361	1.356	531	825	1.246	485	761
80 a 84	565	212	353	1.125	416	709	1.238	411	827
85 e máis	695	187	508	1.084	329	755	1.334	419	915
Total	12.339	5.670	6.669	29.997	13.748	16.249	25.301	11.311	13.990
	Distrito 4			Distrito 5			Distrito 6		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
0 a 4	931	494	437	1.417	710	707	785	398	387
5 a 9	999	505	494	1.694	865	829	955	467	488
10 a 14	1.014	502	512	1.687	844	843	939	452	487
15 a 19	1.100	520	580	1.415	741	674	919	473	446
20 a 24	1.309	655	654	1.379	714	665	1.189	612	577
25 a 29	1.666	826	840	1.536	769	767	1.379	699	680
30 a 34	2.160	1.134	1.026	2.053	1.002	1.051	1.769	915	854
35 a 39	2.478	1.244	1.234	2.617	1.271	1.346	2.157	1.073	1.084
40 a 44	2.387	1.167	1.220	3.106	1.479	1.627	2.106	1.050	1.056
45 a 49	2.216	1.059	1.157	3.028	1.453	1.575	1.919	909	1.010
50 a 54	2.202	1.039	1.163	2.696	1.255	1.441	1.670	749	921
55 a 59	2.229	1.010	1.219	2.268	1.037	1.231	1.664	754	910
60 a 64	2.123	948	1.175	2.028	946	1.082	1.606	691	915
65 a 69	2.158	913	1.245	1.895	835	1.060	1.982	831	1.151
70 a 74	1.891	776	1.115	1.540	663	877	1.801	795	1.006
75 a 79	1.652	685	967	1.221	497	724	1.417	608	809
80 a 84	1.448	530	918	1.122	398	724	1.188	471	717
85 e máis	1.210	351	859	1.046	308	738	807	263	544
Total	31.173	14.358	16.815	33.748	15.787	17.961	26.252	12.210	14.042

	Distrito 7			Distrito 8			Distrito 9		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
0 a 4	2.095	1.025	1.070	494	273	221	1.158	604	554
5 a 9	2.227	1.122	1.105	542	279	263	1.011	522	489
10 a 14	1.990	1.036	954	461	228	233	492	270	222
15 a 19	2.032	1.037	995	448	240	208	328	170	158
20 a 24	2.161	1.043	1.118	446	229	217	326	174	152
25 a 29	2.798	1.409	1.389	518	248	270	453	203	250
30 a 34	3.639	1.803	1.836	741	372	369	1.257	562	695
35 a 39	4.467	2.180	2.287	1.024	493	531	2.065	1.068	997
40 a 44	4.365	2.088	2.277	1.007	485	522	1.472	741	731
45 a 49	4.053	1.985	2.068	884	422	462	836	433	403
50 a 54	3.915	1.785	2.130	746	358	388	485	248	237
55 a 59	3.980	1.708	2.272	695	359	336	360	191	169
60 a 64	3.809	1.678	2.131	544	240	304	271	136	135
65 a 69	3.740	1.642	2.098	554	250	304	221	101	120
70 a 74	3.038	1.351	1.687	429	218	211	189	87	102
75 a 79	2.408	1.040	1.368	341	146	195	119	53	66
80 a 84	2.047	772	1.275	307	114	193	109	41	68
85 e máis	1.696	483	1.213	278	89	189	103	28	75
Total	54.460	25.187	29.273	10.459	5.043	5.416	11.255	5.632	5.623
	Distrito 10			Concello da Coruña					
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres			
0 a 4	423	213	210	9.857	5.015	4.842			
5 a 9	345	173	172	10.398	5.227	5.171			
10 a 14	271	140	131	9.144	4.684	4.460			
15 a 19	309	156	153	8.800	4.473	4.327			
20 a 24	419	204	215	9.875	4.985	4.890			
25 a 29	541	263	278	12.191	5.999	6.192			
30 a 34	666	329	337	16.919	8.364	8.555			
35 a 39	840	414	426	21.233	10.492	10.741			
40 a 44	728	356	372	20.806	10.120	10.686			
45 a 49	651	312	339	18.609	8.950	9.659			
50 a 54	729	342	387	17.137	7.905	9.232			
55 a 59	748	345	403	16.411	7.453	8.958			
60 a 64	635	304	331	15.265	6.695	8.570			
65 a 69	494	244	250	15.673	6.792	8.881			
70 a 74	392	170	222	13.115	5.671	7.444			
75 a 79	269	124	145	10.609	4.388	6.221			
80 a 84	237	94	143	9.386	3.459	5.927			
85 e máis	189	62	127	8.442	2.519	5.923			
Total	8.886	4.245	4.641	243.870	113.191	130.679			

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). Datos do 1 de xaneiro de 2015

iv. Movements migratorios por sexo

Se ben nacen máis homes que mulleres e, pola contra, as mulleres son máis lonxevas, no grupo intermedio establécese certo equilibrio. Analizando os datos do concello da Coruña, a razón do predominio de mulleres en todos os grupos a partir dos 20 anos parece deberse, neste caso, á tendencia da inmigración interna de mulleres en Galicia, procedentes da comarca, da provincia ou da comunidade autónoma. A diferenza dos movementos migratorios de homes que se desprazan máis cás mulleres a outras CC.AA. ou ao estranxeiro.

A información referida aos movementos migratorios do concello no ano 2014 mostra a mesma tendencia, como se pode ver na táboa seguinte:

Distribución por sexo dos movementos migratorios no concello da Coruña. Ano 2014				
	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
TOTAL EMIGRACIÓN	3.809	50,6	3.719	49,4
Emigración interna	2.340	49,8	2.358	50,2
Emigración externa	1.469	51,9	1.361	48,1
A outra CCAA	1.155	51,5	1.087	48,5
Ao estranxeiro	314	53,4	274	46,6
TOTAL INMIGRACIÓN	3.977	49,6	4.043	50,4
Inmigración interna	2.252	48,4	2.399	51,6
Inmigración externa	1.725	51,2	1.644	48,8
Doutra CCAA	1.016	51,7	950	48,3
Do estranxeiro	709	50,5	694	49,5

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

v. Poboación española residente no estranxeiro inscrita no concello da Coruña, segundo o sexo

A seguinte táboa amosa o número de persoas de nacionalidade española que residen no estranxeiro e que están inscritas no concello da Coruña para os efectos electorais.

POBOACIÓN DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA RESIDENTE NO ESTRANXEIRO INSCRITA NO CONCELLO DA CORUÑA SEGUNDO O SEXO - ANO 2015			
Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
14.869	49,3	15.273	50,7


Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE). Datos do 1 de xaneiro de 2015

Estes datos mostran que hai unha maior porcentaxe de mulleres (50,7%) que de homes (49,3%) que viven no estranxeiro, feito vinculado coa necesidade de busca de emprego e de mellora laboral.

vi. Poboación estranxeira que reside no concello da Coruña segundo o sexo e as principais nacionalidades

No concello da Coruña residían 10.753 persoas estranxeiras a 1 de xaneiro de 2015, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, o que representa un 4,4% da poboación.

As grandes áreas de procedencia por significancia estatística son, respectivamente: América, Europa, África e Asia. As mulleres son maioría entre a poboación que vén de América, fundamentalmente do sur, mentres que son os homes os que predominan entre a procedente de África. A menor diferenza cuantitativa móstrase na poboación de nacionalidade europea, aínda que tanto na procedente da Europa non comunitaria como na de América do Sur hai máis mulleres que homes residindo na cidade herculina.



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Datos do 1 de xaneiro de 2015

A seguinte táboa mostra un maior detalle das procedencias da poboación estranxeira que reside no concello da Coruña:

POBOACIÓN ESTRANXEIRA QUE RESIDE NO CONCELLO DA CORUÑA POR SEXO E PRINCIPAIS NACIONALIDADES			
	Total	Homes	Mulleres
Total estranxeiros	10.753	5.415	5.338
Total Unión Europea (UE-28)	3.020	1.541	1.479
Alemaña	116	50	66
Francia	177	86	91
Italia	592	325	267
Polonia	76	20	56
Portugal	635	366	269
Reino Unido	211	116	95
Bulgaria	126	62	64
Romanía	824	378	446
Total Europa non comunitaria	390	162	228
Rusia	135	46	89
Ucraina	79	21	58
Total África	1.630	1.201	429
Alxeria	134	105	29
Marrocos	398	245	153
Nixeria	122	54	68
Senegal	751	646	105
Total América	4.942	2.096	2.846
Arxentina	310	139	171
Bolivia	239	92	147
Brasil	792	244	548
Colombia	588	262	326
Cuba	354	170	184
Chile	72	38	34
Ecuador	154	74	80
Paraguai	143	31	112
Perú	613	284	329
República Dominicana	546	267	279
Uruguai	344	152	192
Venezuela	381	159	222
Total Asia	756	408	348
China	502	251	251
Oceanía e apátridas	15	7	8

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Datos do 1 de xaneiro de 2015

Nota aclaratoria: os datos da táboa mostran a distribución da poboación estranxeira que reside no concello da Coruña por continentes de orixe. Dentro de cada continente soamente se amosan os datos das principais nacionalidades.

vii. Censo de persoas con discapacidade segundo o sexo, grao e tipo de discapacidade

Segundo os datos do Censo de persoas con discapacidade que publica a Consellería de Política Social, hai máis mulleres que homes con discapacidade recoñecida nos tres tipos: física, psíquica e sensorial, e é a existencia de discapacidade física a de meirande incidencia sobre as mulleres, fundamentalmente as de maior idade.




CENSO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE SEGUNDO SEXO, IDADE, GRAO E TIPO DE DISCAPACIDADE CONCELLO DA CORUÑA							
Grao de discapacidade	Idade	Física		Psíquica		Sensorial	
		Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
Menos ou igual ao 64%	Menos ou igual a	13	20	29	15	3	5
	Entre 7 e 15	23	25	60	25	11	6
	Entre 16 e 29	56	50	101	45	32	19
	Entre 30 e 49	570	492	336	287	160	145
	Entre 50 e 64	1.067	1.168	293	486	276	276
	Entre 65 e 74	1.193	1.292	188	381	331	310
	Máis ou igual a 75	1.582	1.883	144	331	459	463
Máis do 64% e menos ou igual ao 74%	Menos ou igual a	3	2	2	1	1	1
	Entre 7 e 15	7	7	15	6	3	1
	Entre 16 e 29	25	18	84	42	13	5
	Entre 30 e 49	298	171	581	367	88	76
	Entre 50 e 64	312	365	358	422	85	103
	Entre 65 e 74	298	418	148	271	78	102
	Máis ou igual a 75	661	1.037	158	400	139	223
Máis do 74%	Menos ou igual a	1	2	1	2	0	2
	Entre 7 e 15	14	8	17	7	5	3
	Entre 16 e 29	42	41	48	38	16	11
	Entre 30 e 49	187	166	213	164	85	48
	Entre 50 e 64	247	172	205	118	123	80
	Entre 65 e 74	201	223	95	141	99	81
	Máis ou igual a 75	653	1.165	198	593	245	363

b. Educación

i. Distribución da poboación segundo sexo e nivel de estudos

En xeral, as mulleres predominan en todos os niveis de estudos, agás os niveis correspondentes a Formación Profesional (FP) e en maior medida a FP superior ou Mestría Industrial; este dato podería ser indicativo da segregación de xénero nas opcións de estudos nas que aínda persiste a masculinización das áreas formativas máis ‘técnicas’ e/ou industriais.



O número de mulleres é maior que o dos homes nas titulacións universitarias ou de maior nivel académico. É dicir, tendo en conta o conxunto de persoas con diplomatura, grao universitario, licenciatura, mestrado oficial universitario, doutorado ou equivalentes, o 55,5% son mulleres e o 44,5% son homes.

Aínda que tamén hai unha maior presenza das mulleres nas opcións de menor nivel de formación, que son: non sabe ler nin escribir, sen estudos, sen completar Bacharelato, ESO ou EXB. Este feito está vinculado ás persoas de maior idade, en que os estudos das mulleres eran escasos.

Poboación residente segundo o nivel de estudos e sexo. Concello da Coruña. Censo de poboación e vivendas 2011				
Nivel académico acadado	Homes	Mulleres	Total	% mulleres
Non sabe ler ou escribir	475	1.140	1.620	70,4
Sen estudos	4.755	10.955	15.710	69,7
Foi á escola 5 ou máis anos pero non obtivo a titulación	10.795	15.995	26.790	59,7
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	23.530	25.300	48.830	51,8
Bacharelato elemental, superior, BUP, COU, PREU	17.155	17.525	34.680	50,5
FP medio, FP I, Oficialía Industrial ou equivalente, Grao Medio de Música e Danza, Certificados de Escolas Oficiais de Idiomas	6.135	5.695	11.830	48,1
FP superior, FP II, Mestría industrial ou equivalente	9.745	7.660	17.410	44,0
Diplomatura universitaria, Arquitectura Técnica, Enxeñería Técnica	7.965	12.230	20.200	60,5
Grao universitario ou equivalente	2.305	1.985	4.285	46,3
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería ou equivalente	12.300	14.705	27.005	54,5
Mestrado oficial universitario (dende 2006), especialidades médicas ou análogas	1.675	1.925	3.600	53,5
Doutoramento	1.135	830	1.960	42,3
Non é aplicable	15.630	14.745	30.375	48,5
Total	113.595	130.695	244.295	53,5

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). Censo de Poboación e Vivendas 2011

ii. Alumnado matriculado en ensinanzas de réxime xeral segundo o sexo e a ensinanza non universitaria

No curso 2015-2016 matriculáronse máis mulleres que homes en ciclos formativos e á inversa en Educación Especial e Formación Profesional Básica, segundo os datos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

ALUMNADO MATRICULADO EN ENSEINANZAS DE RÉXIME XERAL SEGUNDO O SEXO E A ENSEINANZA NON UNIVERSITARIA - CONCELLO DA CORUÑA					
RÉXIME	ENSEINANZA	CICLO	CURSO 2015 - 2016		
			HOMES	MULLERES	% MULLERES
Réxime de adultos	Bacharelato		421	372	46,9%
	Ciclos formativos	Ciclos formativos de grao medio	589	883	60%
		Ciclos formativos de grao superior	533	880	62,3%
	Educación secundaria para persoas adultas		303	252	45,4%
	Ensinanzas básicas iniciais		28	29	50,9%
Réxime xeral	Educación Especial		118	58	33%
Réxime xeral ordinario	Bacharelato		1.582	1.666	51,3%
	Ciclos formativos	Ciclos formativos de grao medio	925	950	50,7%
		Ciclos formativos de grao superior	1.487	1.449	49,4%
		Formación Profesional Básica	285	134	32%
	Educación infantil		3.155	3.049	49,1%
	Educación primaria		6.862	6.441	48,4%
Educación Secundaria Obrigatoria		4.385	4.087	48,2%	
TOTAL			20.673	20.250	49,5%

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Datos provisionais

iii. Alumnado sen nacionalidade española matriculado en ensinanzas de réxime xeral segundo o sexo e continente de procedencia

Na seguinte táboa amósase o alumnado estranxeiro matriculado en ensinanzas de réxime xeral onde hai exactamente o mesmo número de homes que de mulleres. O maior número de estudantes estranxeiros son procedentes de América.

ALUMNADO SEN NACIONALIDADE ESPAÑOLA MATRICULADO EN ENSEINANZAS DE RÉXIME XERAL SEGUNDO O SEXO E CONTINENTE DE PROCEDENCIA - CONCELLO DA CORUÑA			
CONTINENTE DE PROCEDENCIA	CURSO 2015 - 2016		
	HOMES	MULLERES	% MULLERES
África	88	62	41,3%
América	392	395	50,2%
Asia	49	46	48,4%
Europa	109	135	55,3%
Oceanía	0	0	
TOTAL	638	638	50%

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Datos provisionais

iv. Alumnado matriculado en ESO segundo o sexo, os resultados obtidos e a titularidade do centro

Nos resultados obtidos polo alumnado da ESO no curso 2014-2015 houbo máis mulleres que homes con todas as áreas superadas, e ocorreu o contrario no resto dos casos: os promovidos con áreas non superadas, os de promoción obrigatoria e os non promovidos.

ALUMNADO MATRICULADO EN ESO SEGUNDO SEXO, RESULTADOS OBTIDOS E TITULARIDADE DO CENTRO CONCELLO DA CORUÑA - CURSO 2014-2015									
TITULARIDADE	ENSINANZA	Promovidos con todas as áreas superadas		Promovidos con áreas non superadas		Promoción obrigatoria		Non promovidos	
		H	M	H	M	H	M	H	M
Centros públicos	1º ESO	488	449	58	52	15	6	30	17
	2º ESO	448	477	87	65	13	12	40	28
	3º ESO	402	403	111	59	28	6	50	26
	4º ESO	391	396	83	76	0	0	32	27
Centros públicos	1º ESO	273	317	79	92	74	60	130	106
	2º ESO	244	287	117	71	44	28	138	79
	3º ESO	221	267	100	89	34	25	127	87
	3º ESO con diversificación curricular	17	22	10	13	0	0	1	3
	4º ESO	190	222	91	81	0	0	69	39
	4º ESO con diversificación curricular	27	29	8	5	0	0	15	14

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Datos provisionais

ii. Profesorado de ensinanza non universitaria en centros de réxime xeral segundo o sexo e a titularidade do centro

A ensinanza non universitaria é impartida maioritariamente por mulleres, tanto no sector público como no privado, constituíndo sete de cada dez docentes.

PROFESORADO DE ENSINANZA NON UNIVERSITARIA EN CENTROS DE RÉXIME XERAL SEGUNDO O SEXO E A TITULARIDADE DO CENTRO - CONCELLO DA CORUÑA				
TITULARIDADE DO CENTRO	CURSO 2014 - 2015			
	HOMES	% HOMES	MULLERES	% MULLERES
Centros públicos	585	31,2%	1.307	68,8%
Centros privados	387	30,9%	852	69,1%
TOTAL	972	31%	2.159	69%

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Datos provisionais depurados

iii. Alumnado matriculado na UDC de grao e de titulacións non adaptadas ao EEES por centro universitario do Campus da Coruña

Os centros universitarios onde estudan menor número de mulleres son a Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas e a Facultade de Informática, cun 14% en cada unha, seguidas da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (21%), a Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos (34%) e a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (45%). En todos os demais casos, o número de mulleres supera o dos homes.

ALUMNADO MATRICULADO NA UDC DE GRAO E DE TITULACIÓNS NON ADAPTADAS AO EEES POR CENTRO CAMPUS DA CORUÑA				
CENTROS DO CAMPUS DA CORUÑA	CURSO 2014 - 2015			
	HOMES	% HOMES	MULLERES	% MULLERES
Facultade de Ciencias	249	36,2%	438	63,8%
Facultade de Ciencias da Comunicación	97	34,6%	183	65,4%
Facultade de Ciencias da Educación	304	17,1%	1.477	82,9%
Facultade de Ciencias da Saúde	23	11,2%	182	88,8%
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	655	79,4%	170	20,6%
Facultade de Dereito	453	37,5%	755	62,5%
Facultade de Economía e Empresa	1.013	48,7%	1.067	51,3%
Facultade de Filoloxía	135	30,4%	309	69,6%
Facultade de Fisioterapia	111	41,4%	157	58,6%
Facultade de Informática	1.265	85,6%	212	14,4%
Facultade de Socioloxía	120	40,7%	175	59,3%
Escola Técnica Superior de Arquitectura	762	47,5%	843	52,3%
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	691	66,3%	351	33,7%
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	481	86,2%	77	13,8%
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	445	54,6%	370	45,4%
Escola Universitaria de Enfermaría (adscrita)	47	17,4%	223	82,6%
Escola Universitaria de Relacións Laborais (adscrita)	167	42,7%	224	57,3%
Escola Universitaria de Turismo (adscrita)	72	34,3%	138	65,7%
TOTAL	7.090	49,1%	7.351	50,9%

Fonte: Universidade da Coruña (UDC)

iv. Profesorado da UDC segundo o sexo, a categoría e a dedicación

Na Universidade da Coruña hai máis homes que mulleres entre o profesorado, tanto no caso de dedicación completa como de dedicación parcial.

PROFESORADO DA UDC SEGUNDO O SEXO, A CATEGORÍA E A DEDICACIÓN				
CATEGORÍA	DEDICACIÓN COMPLETA		DEDICACIÓN PARCIAL	
	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES
Asociado/a	0	0	29	118
Asociado/a tipo 1	0	0	33	11
Asociado/a tipo 3 de substitución	0	0	0	8
Axudante doutor/a	28	9	0	0
Axudante LOU	2	1	0	0
Catedrático/a de escola universitaria	15	26	0	0
Catedrático/a de universidade	20	115	0	2
Colaborador/a	16	39	0	0
Contratado/a doutor/a	91	109	0	0
Contratado/a interino/a de substitución	25	40	45	44
Emérito/a	0	0	0	2
Lector/a de idiomas	0	0	3	3
Interino/a de E.O. Náutica	1	0	0	0
Asociado/a a CC. da Saúde	0	0	0	1
Profesor/a de INEF de Galicia	4	19	0	2
Numerario/a de E.O. Náutica	2	1	0	0
Titular de escola universitaria	46	91	1	3
Titular de universidade	162	246	0	2
Titular interino/a de escola universitaria	0	1	0	0
TOTAL	412	697	111	196

Fonte: Universidade da Coruña (UDC). Datos de decembro de 2014

c. Situación laboral

i. Poboación de 16 e máis anos segundo o sexo e a relación coa actividade económica

A *poboación activa* son as persoas que, nun período dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan servizos para incorporarse á dita produción. Comprende a todas as persoas de 16 ou máis anos que cumpren as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas e paradas.

A *poboación ocupada* son as persoas de 16 anos ou máis que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, nalgunha das seguintes situacións:

- traballando polo menos unha hora por un soldo, salario ou beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie
- con emprego pero sen traballar por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas, mal tempo ou razóns análogas

A *poboación parada* son as persoas de 16 anos ou máis que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando emprego. Son persoas paradas tamén as que atoparon un traballo e están esperando incorporarse sempre que se verifiquen as dúas primeiras condicións.

A *poboación inactiva* abrangue a todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas.

A seguinte táboa mostra o número de miles de persoas de 16 e máis anos residentes no concello da Coruña segundo a súa relación coa actividade económica. As cifras absolutas indican un maior número de mulleres que homes maiores de 16 anos, un 53% mulleres e 47% homes. Debido tamén á maior porcentaxe de mulleres segundo aumenta a idade.

En canto á poboación activa (que traballan ou busca emprego), hai menos mulleres (48,2%).

As causas de inactividade máis usuais son: estar estudando, estar xubilada/o ou dedicarse ás tarefas do fogar. No primeiro caso correspóndese xeralmente á xuventude, no segundo predominan os homes e no terceiro, as mulleres.

POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS POR SEXO E RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA COMPARATIVA CONCELLO DA CORUÑA E GALICIA. Miles de persoas e porcentaxe por sexo MEDIA ANO 2015 (EPA)								
	CONCELLO DA CORUÑA				GALICIA			
	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Activos	60,1	51,8	56	48,2	661,6	52,5	599,1	47,5
Poboación ocupada	50,9	51,9	47,2	48,1	538,2	52,9	479	47,1
Poboación parada	9,2	51,1	8,8	48,9	123,4	50,7	120	49,3
Poboación inactiva	40,4	41,1	58	58,9	467,4	42,6	630,1	57,4
TOTAL	100,5	46,9	114	53,1	1.129	47,9	1.229,2	52,1


Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Enquisa de poboación activa (EPA).

Datos expresados en miles de persoas

ii. Taxas de actividade, ocupación e paro segundo sexo


A *Taxa de actividade* é a porcentaxe de poboación activa sobre o total de poboación de 16 ou máis anos.

A taxa de actividade é máis alta nos homes, o que indica unha maior porcentaxe de homes maiores de 16 anos que están no mercado laboral, sexa traballando ou na procura de atopar emprego. A inactividade é, polo tanto, meirande na muller.




A *Taxa de ocupación* defínese como a porcentaxe de poboación ocupada sobre a poboación de 16 ou máis anos.

No colectivo de persoas maiores de 16 anos é maior a porcentaxe de homes que teñen traballo que no caso das mulleres.



A *Taxa de paro* é a porcentaxe de poboación en desemprego (situación 'parada') sobre o total da poboación activa.

Dentro das persoas activas, é dicir, que están no mercado laboral, acada un valor maior a porcentaxe das mulleres que están no paro.




Os homes presentan unha maior taxa de actividade e de ocupación, mentres que nas mulleres é máis alta a taxa de paro, como pode verse na seguinte táboa:

TAXAS RELACIONADAS COA ACTIVIDADE COMPARATIVA CONCELLO DA CORUÑA E GALICIA. ANO 2015						
	CONCELLO DA CORUÑA			GALICIA		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Taxa de actividade	59,8	49,1	54,1	58,6	48,7	53,5
Taxa de ocupación	50,6	41,4	45,7	47,7	39	43,1
Taxa de paro	15,3	15,7	15,5	18,7	20	19,3

Fonte: Concello da Coruña. Elaborado a partir dos datos da Enquisa de poboación activa (EPA)

iii. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o sexo e os grupos de idade

**Afiliacións na Seguridade Social en alta laboral por sexo
Residentes no concello da Coruña. Media ano 2015**



Aínda que a taxa de ocupación é maior nos homes, os datos dos rexistros da afiliación á Seguridade Social en situación de alta laboral indican un maior número de mulleres traballando que de homes en todos os grupos de idade.

AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL EN ALTA LABORAL DE RESIDENTES NO CONCELLO DA CORUÑA SEGUNDO O SEXO E OS GRUPOS DE IDADE				
	MEDIA 2015			
	HOMES	% HOMES	MULLERES	% MULLERES
<20	99	52,1	91	47,9
20-24	1.078	48,0	1.165	52,0
25-29	2.823	45,7	3.360	54,3
30-34	4.991	48,2	5.365	51,8
35-39	6.759	48,6	7.137	51,4
40-44	6.764	48,9	7.068	51,1
45-49	5.820	48,5	6.191	51,5
50-54	4.880	47,2	5.455	52,8
55-59	4.187	48,0	4.538	52,0
>=60	3.293	46,3	3.814	53,7
TOTAL	40.692	47,9	44.184	52,1


Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Media dos trimestres 2015

Outro aspecto que cómpre ter en conta é o dato de afiliación segundo o réxime de cotización. Aínda que non está publicada a distribución por sexo, si hai datos do total por réximes. No caso do réxime de 'empregadas/os de fogar', (incluído no réxime xeral dende 2012) que con case exclusividade son mulleres, hai 3.232 persoas residentes dadas de alta, o que supón unha cifra relevante.

Concello da Coruña. Ano 2015	
Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral <u>segundo o concello de residencia do afiliado</u>	PERSONAS:
Número de afiliacións. Réxime especial empregados/as do fogar.	3.232
<i>Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE).</i>	

iv. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o sexo e a nacionalidade

Entre as persoas en alta laboral na Seguridade Social residentes no concello da Coruña, a distribución por sexo é similar, independentemente da súa nacionalidade: o 51,7% de persoas afiliadas con nacionalidade española son mulleres e o 52% no caso da nacionalidade estranxeira.




Distribución das persoas en alta laboral na Seguridade Social por sexo e nacionalidade				
Residentes no concello da Coruña. Media anual 2015				
NACIONALIDADE	Homes	Mulleres	Total	% mulleres
Española	38.075	40.767	78.842	51,7
Estranxeira	1.553	1.683	3.236	52,0
Total	39.628	42.449	82.077	51,7

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

v. Contratos realizados no ano 2015 segundo tipoloxía e sexo da persoa contratada

Nos contratos realizados no ano 2015, hai máis contratos feitos a mulleres, pero foron contratadas en maior medida nos de tempo parcial e nos de prácticas. Nos contratos indefinidos de tempo completo os destinatarios son maioría homes.



TIPOLOXÍA CONTRACTUAL POR SEXO. CONCELLO DA CORUÑA. ANO 2015				
Tipo de contrato	Mulleres	% mulleres	Homes	% homes
Indefinido	2.788	43,8%	3.575	56,2%
Indefinido tempo parcial	2.436	65,3%	1.296	34,7%
Temporal	21.164	41,9%	29.370	58,1%
Temporal tempo parcial	31.033	61,8%	19.204	38,2%
Prácticas/formación	1.028	56,4%	795	43,6%
Outros	313	45,04%	382	54,96%
TOTAL	58.762	51,8%	54.622	48,2%

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

vi. Comparativa nos salarios

As diferenzas salariais entre homes e mulleres son maiores no concello da Coruña que no conxunto de Galicia. Por outra banda, a maior desigualdade preséntase nos traballos a xornada parcial.

Outro feito para considerar é unha diferenza maior do salario no caso do emprego temporal que no indefinido. No temporal as mulleres cobran 3,5 euros menos por hora de traballo. No caso dos contratos indefinidos a diferenza é de 3,1 euros/hora.

Media dos salarios por hora segundo sexo e tipo de xornada (euros/hora) Galicia e concello da Coruña - Ano 2013						
	Total		Xornada completa		Xornada parcial	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Concello da Coruña	10,8	8	10,9	8,8	10,7	6
Galicia	8,8	7,1	8,7	7,5	9,1	6

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Estudo de salarios.

Media dos salarios por hora segundo sexo e tipo de contrato Galicia e concello da Coruña. Ano 2013						
	Total		Indefinido		Temporal	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Concello da Coruña	10,8	8	10,9	7,8	9,8	6,3
Galicia	8,8	7,1	8,9	6,7	7,5	6,3

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Estudo de salarios

Media/mediana do salario bruto anual segundo o tempo traballado por conta allea no ano Concello da Coruña. Ano 2013			
Total		Homes	Mulleres
	Media	23.518	17.310
	Mediana	18.298	14.292
Todo o ano			
	Media	30.689	21.967
	Mediana	23.181	17.610
Parte do ano			
	Media	8.240	7.736
	Mediana	5.534	5.236

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)


Media e mediana das bases de cotización por sexo e grandes concellos. Réxime xeral			
	Total	Homes	Mulleres
Media	1.623	1.816	1.462
Mediana	1.413	1.606	1.265

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

vii. Poboación parada segundo o sexo e a idade

Hai máis mulleres que homes rexistradas no paro. Por idade, soamente no grupo de menores de 24 anos o número de homes é superior ao das mulleres en paro. Inflúe tamén que as mulleres abandonan menos os estudos e incorpóranse máis tarde ao mercado laboral.

Aínda que hai maior número de mulleres en case todos os grupos de idade, a relación de persoas en paro co mesmo grupo de idade da poboación residente indica de todos os xeitos que proporcionalmente o paro recae máis nas mulleres.




Concello da Coruña						
	Poboación residente		Paro rexistrado		Porcentaxe de paro rexistrado con respecto á poboación residente do mesmo grupo de idade	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
16-19	3.556	3.462	106	95	3,0	2,7
20-24	4.985	4.890	389	352	7,8	7,2
25-29	5.999	6.192	811	879	13,5	14,2
30-34	8.364	8.555	1.093	1.248	13,1	14,6
35-39	10.492	10.741	1.227	1.569	11,7	14,6
40-44	10.120	10.686	1.313	1.624	13,0	15,2
45-49	8.950	9.659	1.335	1.429	14,9	14,8
50-54	7.905	9.232	1.232	1.330	15,6	14,4
55-59	7.453	8.958	1.266	1.425	17,0	15,9
60-64	6.695	8.570	800	1.160	11,9	13,5
Total 16-64	74.519	80.945	9.574	11.110	12,8	13,7

Fonte: Xunta de Galicia. Instituto Galego das Cualificacións e Instituto Galego de Estatística (Padrón Municipal de Habitantes)

v. Poboación parada segundo o sexo e o nivel académico

A continuación móstrase a distribución da poboación parada segundo o sexo e o nivel académico. Nestes datos, obsérvase que hai moitas máis mulleres en paro con titulación superior ao ensino obrigatorio que homes. A diferenza é maior canto máis alta é a formación, como no caso da formación universitaria.



POBOACIÓN PARADA POR NIVEL ACADÉMICO E SEXO - CONCELLO DA CORUÑA				
Grupo académico	MEDIA 2015			
	MULLERES	HOMES	TOTAL	% MULLERES
Ata certificado de escolaridade	4.098	4.351	8.449	48,5%
Titulación ensinanza obrigatoria	1.873	1.994	3.867	48,4%
Formación profesional	1.767	1.208	2.974	59,4%
BUP / Bacharelato superior / COU	1.215	973	2.188	55,5%
Titulados universitarios	2.137	1.043	3.180	67,2%
Outras titulacións	20	6	26	78,3%
Total	11.110	9.574	20.684	53,7%

Fonte: Xunta de Galicia. Instituto Galego das Cualificacións

vi. Poboación parada segundo o sexo e a actividade económica



Por actividade económica en que están rexistradas no paro, as mulleres son maioría en todas menos na Construción, Industria, Agricultura/Pesca, Transporte/almacenamento e Actividades artísticas/recreativas e entretemento.

Por outra banda, as mulleres predominan sobre todo nas Actividades dos fogares, Sanitarias e de servizos sociais, Outro servizos, Educación, Hostalaría, Comercio, Actividades profesionais científicas e técnicas, Actividades inmobiliarias, Administración Pública e Actividades administrativas e servizos auxiliares e tamén en Información/comunicacións.

POBOACIÓN PARADA POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE (CNAE 09) E SEXO - CONCELLO DA CORUÑA					
Cod.	SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA	MEDIA 2015			
		MULLERES	HOMES	TOTAL	% MULLERES
0	SEN EMPREGO ANTERIOR	1.103	695	1.798	61,4%
A	AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	57	273	329	17,2%
B	INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	4	7	11	37,01%
C	INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	725	916	1.641	44,17%
D	SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	3	16	19	15,8%
E	SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	11	43	54	20%
F	CONSTRUCCIÓN	261	1.692	1.953	13,36%
G	COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	2.088	1.365	3.452	60,5%
H	TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	152	469	620	24,4%
I	HOSTALARÍA	1.287	826	2.114	60,9%
J	INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	309	289	598	51,6%
K	ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	140	113	253	55,3%
L	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	67	48	116	58,2%
M	ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	907	604	1.511	60,05%
N	ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	1.486	1.203	2.689	55,3%
O	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	384	278	662	58%
P	EDUCACIÓN	420	187	607	69,2%
Q	ACTIVIDADES SANITARIAS E SERVIZOS SOCIAIS	628	134	762	82,4%
R	ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	170	222	392	43,4%
S	OUTROS SERVIZOS	508	146	654	77,7%
T	ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO; ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO PRODUTO	400	47	447	89,4%
U	ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓNS E ORGANISMOS EXTRATERRITORIAIS	2	2	4	45,1%
Total		11.110	9.574	20.684	53,7%

Fonte: Xunta de Galicia. Instituto Galego das Cualificacións

d. Prestacións económicas

i. Prestacións por desemprego

PRESTACIONES POR DESEMPREGO. CONCELLO DA CORUÑA				
Decembro 2015				
Prestacións por desemprego segundo o concello de domicilio, tipo de prestación e sexo				
Tipo de prestación	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Contributiva	3.948	1.978	1.970	49,9
Asistencial	3.721	1.939	1.782	47,9
Renda activa de inserción (RAI)	1.119	589	530	47,4
Programa activación para o emprego	61	23	38	62,3
Total	8.849	4.529	4.320	48,8

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Servicio Público de Empleo Estatal (SPEE). Datos correspondentes a decembro 2015. Referidos a persoas con domicilio no concello da Coruña

Para ter dereito a unha prestación por desemprego é preciso, ademais doutros requisitos, ter cuberto un período mínimo de cotización por esta continxencia de 360 días, dentro dos seis anos anteriores á situación legal de desemprego ou ao momento no que cesou a obriga de cotizar. A duración da prestación é limitada e está en función dos períodos de ocupación.

Aínda que a distribución do número de pensións contributivas por desemprego é similar entre homes e mulleres, a relación porcentual co paro rexistrado mostra unha maior incidencia de prestacións no caso dos homes. A táboa seguinte mostra a porcentaxe de persoas que cobraban prestación en relación coas que están rexistradas no paro no mes de decembro de 2015, diferenciando a incidencia nos homes e nas mulleres.

Cobran algún tipo de prestación o 40% das mulleres rexistradas no paro e o 49,7% dos homes.

Porcentaxe de persoas no paro perceptoras de prestación de desemprego		
Tipo de prestación	Homes	Mulleres
Contributiva	21,7	18,3
Asistencial	21,3	16,6
Renda Activa de Inserción (RAI)	6,5	4,9
Programa Activación para o emprego	0,3	0,4
Total % cobran prestación	49,7	40,1
Base do % Paro rexistrado decembro 2015	9.107 (100.00)	10.761 (100.00)

Fonte: Concello da Coruña. Observatorio Sociolaboral. Elaboración propia cos datos do Servicio Público de Empleo Estatal (SPEE)

ii. Persoas perceptoras de pensións contributivas da Seguridade Social segundo o sexo

As pensións contributivas son prestacións económicas e de duración indefinida, aínda que non sempre, nas que a concesión está xeralmente supeditada a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social, sempre que se cumpran os demais requisitos esixidos. A súa contía determínase en función das achegas (cotizacións) efectuadas pola persoa traballadora e a entidade empregadora, se se trata de traballadores/as por conta allea, durante o período considerado para os efectos da base reguladora da pensión de que se trate. As clases de pensións son: incapacidade permanente, xubilación, viuvez, orfandade e a pensión vitalicia ou subsidio temporal en favor de familiares.

No concello da Coruña, o 52,3% das persoas pensionistas son mulleres. Tendo en conta a maior esperanza de vida das mulleres e o retardo do ingreso no mercado laboral, esta maior proporción prodúcese fundamentalmente polas pensións de viuvez.

Outro dato que hai que destacar é o importe monetario das prestacións económicas. Elas cobran un 30,6% menos cós homes, de forma que o 50% das mulleres pensionistas reciben un máximo de 633,63 euros mensuais, mentres que o 50% dos homes pensionistas reciben un máximo de 1.058,46 euros mensuais.

NÚMERO DE PENSIONISTAS, IMPORTE MEDIO E MEDIANA DO IMPORTE SEGUNDO SEXO - CONCELLO DA CORUÑA			
	Homes	Mulleres	Total
Número	24.700	27.123	51.823
Importe medio	1.226,63	851,42	1.030,25
Mediana do importe	1.058,46	633,63	798,38

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Datos do ano 2014

iii. Persoas perceptoras de prestacións non contributivas da Seguridade Social segundo sexo e tipo de prestación

As pensións non contributivas da Seguridade Social son prestacións periódicas vitalicias ou de duración indeterminada a favor de persoas que non cotizaran nunca, ou ben non o fixeran o tempo suficiente para acadar prestacións de nivel contributivo pola realización de actividades profesionais. As clases de prestacións son invalidez e xubilación

PERSONAS PERCEPTORAS DE PRESTACIONES NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL SEGUNDO SEXO E TIPO DE PRESTACION - CONCELLO DA CORUÑA				
	Homes	Mulleres	Total	% mulleres
Invalidez	553	550	1.103	49,9%
Xubilación	382	1.269	1.651	76,9%
Total	935	1.819	2.754	66,05%

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Política Social. Datos do ano 2014

Nas prestacións non contributivas por invalidez a incidencia é similar entre homes e mulleres, mais nas de xubilación (non contributivas) hai tres mulleres por cada home, o que resulta moi indicativo da falta e/ou insuficiente cotización social das mulleres ao longo da súa vida laboral.


iv. Persoas perceptoras da RISGA e AES

A RISGA é a Renda de Integración Social de Galicia e AES son as Axudas de Emerxencia Social.

Na percepción durante o 2014 da Renda de Inserción Social de Galicia, un 45% eran homes e un 55% mulleres; nos datos actuais a tendencia é a de aumentar a proporción de mulleres perceptoras (o 56% en febreiro de 2016), segundo constan nas tramitacións da RISGA. Nas Axudas de Emerxencia Social a porcentaxe invértese sendo un 60% homes e 40% mulleres.

PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA E AES POR SEXO CONCELLO DA CORUÑA – ANO 2014				
	Homes	Mulleres	Total	% mulleres
RISGA	425	524	949	55,2%
AES	74	49	123	39,8%
Total	499	573	1.072	53,5%

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Datos do ano 2014




Fonte: Concello da Coruña. Área de Xustiza Social e Coidados

A CORPORACIÓN MUNICIPAL

a. Representación política

A Corporación municipal da Coruña ten unha representación política nomeada por 27 persoas electas; o 48% son homes e o 52% mulleres; se ben a maioría son mulleres, as porcentaxes enmárcanse no criterio de representación equilibrada, segundo o sexo.




CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA CORUÑA POR SEXO			
MULLERES	% MULLERES	HOMES	% HOMES
14	51,9%	13	48,1%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Facenda e Administración. Datos de febreiro de 2016

b. Persoal directivo

Na consideración de persoal directivo tense en conta tanto o que se consideran altos cargos directivos (relativo á dirección de áreas) como o persoal contratado eventual para o asesoramento da representación política na Corporación municipal. En xeral, hai unha preeminencia masculina no persoal directivo, do 57%, respecto ao 43% de mulleres, que se agudiza no caso dos altos cargos directivos, desempeñados case exclusivamente por homes - 87,5%- respecto ao que representa a única muller que ocupa a dita posición directiva (12,5%). A presenza segundo sexo vólvese equilibrar entre o grupo de persoal eventual, no que o 45,5% son homes e o 54,5% son mulleres.



Fonte: Concello da Coruña. Área de Facenda e Administración. Datos de febreiro de 2016

c. Distribución do cadro de persoal do Concello da Coruña por sexo

Das 1.516 persoas que integran o cadro de persoal do Concello, o 57,5% son homes respecto ao 42,5% que representan as mulleres. Os datos da distribución segundo o sexo non se corresponden coa percepción social de que na administración pública –local- traballen fundamentalmente mulleres. As táboas seguintes mostran a realidade dunha maior proporción masculina entre o persoal municipal da Coruña, aínda que dentro dos límites do que se considera participación/representación equilibrada por sexo.

PERSOAL DO CONCELLO DA CORUÑA POR SEXO E CARGO OU GRUPO				
CARGO OU GRUPO	2016			
	MULLERES	% MULLERES	HOMES	% HOMES
ALTOS CARGOS DIRECTIVOS	1	12,5%	7	87,5%
PERSOAL EVENTUAL	12	54,5%	10	45,5%
GRUPO A1	76	53,5%	66	46,5%
GRUPO A2	129	58,6%	91	41,4%
GRUPO C1	126	26,1%	357	73,9%
GRUPO C2	192	48,2%	206	51,8%
A.P.	66	44,9%	81	55,1%
OUTROS	29	42,0%	40	58,0%
TOTAL	645	42,5%	871	57,5%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Facenda e Administración. Datos de febreiro de 2016

Os desequilibrios existentes na estrutura do persoal, segundo as categorías e o sexo, mostran unha forte masculinización tanto dos altos cargos directivos, xa comentada, así como do grupo C1, no que practicamente o 74% son homes; ao grupo C1 están asignados tanto postos

administrativos como outros procedentes da Administración Especial relacionados con oficios técnicos, delineantes, oficial de obras, técnico de parques, etc.

En relación coa estrutura de persoal municipal, segundo o nivel e o sexo, os datos mostran a masculinización dos niveis superiores (30, 29 e 27), así como a maior concentración proporcional dos homes no nivel 16, no que se sitúan o 43% do persoal masculino do Concello. Con respecto á segregación por sexo, destacan a maior presenza de homes respecto das mulleres nos niveis correspondentes con postos administrativos, auxiliares e oficiais técnicos como 21 e 19 no que se dan características diferenciadoras respecto ao criterio da Administración xeral.

O 50% do persoal feminino do Concello concéntrase arredor dos niveis intermedios da Administración Xeral (18, 16, 14) correspondentes a postos da escala administrativa; atendendo á distribución segundo o sexo, a maior preeminencia das mulleres corresponde aos niveis 22, 20 e 18. O único caso de feminización dáse no nivel 25, no que se asigna función de responsabilidade respecto ao nivel de entrada do persoal técnico superior de base.

PEOAL DO CONCELLO DA CORUÑA POR SEXO E NIVEL				
NIVEL	2016			
	MULLERES	% MULLERES	HOMES	% HOMES
30	0	0,0%	3	100,0%
29	1	16,7%	5	83,3%
28	11	39,3%	17	60,7%
27	0	0,0%	1	100,0%
26	15	45,5%	18	54,5%
25	3	100,0%	0	0,0%
24	40	57,1%	30	42,9%
22	93	69,4%	41	30,6%
21	3	21,4%	11	78,6%
20	64	61,0%	41	39,0%
19	2	4,9%	39	95,1%
18	133	62,1%	81	37,9%
16	97	20,5%	377	79,5%
14	90	44,8%	111	55,2%
12	38	53,5%	33	46,5%
Outros	55	46,6%	63	53,4%
TOTAL	645	42,5%	871	57,5%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Facenda e Administración. Datos de febreiro de 2016

d. Permisos, licenzas e excedencias relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral do persoal do Concello da Coruña

Os permisos, as licenzas e excedencias relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral do persoal no Concello da Coruña axústanse ao que dispón a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que se amplían dereitos recoñecidos na lexislación do Estado.

Os posibles dereitos que o persoal municipal pode facer en canto a permisos de tempos para conciliar coas súas responsabilidades familiares son os seguintes:

- **Maternidade:** pódese desfrutar durante 17 semanas. O permiso de maternidade é privativo para a nai durante as primeiras 6 semanas posteriores ao parto, no caso de maternidade biolóxica; as seguintes 11 semanas poden ser transferidas, parcial ou totalmente á outra persoa proxenitora (aínda que como a semana número 17 a paga o Concello, como mellora das 16 semanas que contempla a regulación estatal, para poder ser desfrutada polo pai ou outra proxenitora, deberá ser tamén persoal deste Concello).

Nos casos de parto múltiple ou existencia de discapacidade ou necesidade de hospitalización por enfermidade grave do recentemente nacido, está prevista a ampliación do permiso de maternidade.

- **Paternidade:** correspóndelle ao pai ou á outra persoa proxenitora e se non o usan ninguén máis pode facelo, ao ser un dereito privativo e intransferible. O Concello da Coruña ten regulados 14 días máis respecto aos 15 do permiso de paternidade creado pola Lei de Igualdade (Lei 3/2007); así pois, o total do permiso de paternidade para o persoal municipal da Coruña é de 29 días naturais.
- **Lactancia:** este permiso pódese desfrutar calquera das persoas proxenitoras até que o menor teña 12 meses. O uso do tempo do permiso pódese realizar de maneira acumulativa en xornada completa ou fraccionando a disposición de 1 hora diaria.
- **Excedencias por coidado de fillos/as ou familiares a cargo:** o persoal municipal poderá acollerse até un máximo de 3 anos deste permiso non remunerado.

O que mostran as estatísticas respecto ao uso que realiza o persoal do Concello dos permisos de tempo mencionados é que persiste unha segmentación por cuestión de xénero; son mulleres fundamentalmente as que solicitan permisos por motivos de responsabilidades e coidados familiares e tamén as que solicitan adaptacións e minoración da xornada laboral.

Tamén son as mulleres en exclusividade as que se acollen aos permisos por lactancia e case en exclusividade usaron o permiso de maternidade, tal e como recolle a táboa para os últimos tres anos. Aínda que o permiso de maternidade inclúe unha parte que pode ser cedida ou transferida á outra persoa proxenitora, a proporción de pais que fixeron uso dalgunha parte deste permiso non alcanzou o 5% dos permisos de maternidade concedidos en 2015.

A solicitude de permisos por parte dos homes queda bastante restrinxida ao permiso de paternidade ao que, por outra parte, só teñen acceso eles ou a outra persoa proxenitora.

PERMISOS, LICENZAS E EXCEDENCIAS RELACIONADAS COA CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DA CORUÑA – FEBREIRO 2016				
Maternidade				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	2	6,7%	28	93,3%
2014	1	3,1%	31	96,9%
2015	1	4,8%	20	95,2%
Paternidade				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	27	100%	0	0%
2014	28	100%	0	0%
2015	30	100%	0	0%
Lactancias acumuladas ou crédito horario				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	3	15,8%	16	84,2%
2014	6	24%	19	76%
2015	5	25%	15	75%
Lactancias diarias				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	0	0%	12	100%
2014	0	0%	12	100%
2015	0	0%	5	100%
Reducións xornada por coidado fillos/as ou familiares a cargo				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	5	26,3%	14	73,7%
2014	4	21,1%	15	78,9%
2015	3	12,5%	21	87,5%
Permiso por enfermidade moi grave				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	3	50%	3	50%
2014	2	25%	6	75%
2015	5	50%	5	50%
Excedencias coidado fillos/as ou familiares a cargo				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	0	0%	2	100%
2014	0	0%	4	100%
2015	0	0%	5	100%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Facenda e Administración. Datos de febreiro de 2016

SERVIZOS MUNICIPAIS

a. Mobilidade urbana

Os aspectos da mobilidade urbana resultan indicativos da medida en que a través das políticas e servizos municipais se está a incidir na mellora das condicións de calidade de vida da cidadanía en xeral, e máis especificamente dos sectores poboacionais en situación de maior vulnerabilidade; a panorámica da situación e o uso deles achega unha aproximación ao aspecto 'inclusivo' da dinámica da cidade.

Dos servizos relacionados coa mobilidade urbana, o bus é con diferenza o de maior incidencia na poboación, complementado con outros máis recentes como o de Bicicoruña.

i. Persoas usuarias do Servizo Bicicoruña

Das persoas que fan uso do Bicicoruña, a menor proporción é a das mulleres (47,3%) respecto do que representan os homes como usuarios (52,7%)

NÚMERO DE PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO BICICORUÑA POR SEXO		
	Persoas usuarias Bicicoruña	% persoas usuarias por sexo
Homes	1.674	52,7%
Mulleres	1.503	47,3%
Total	3.177	100%

Fonte: Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades (Emvsa). Datos do ano 2015

ii. Persoas usuarias da Tarxeta Millennium e viaxes realizadas nos buses urbanos

Das persoas usuarias da Tarxeta Millennium, algo máis do 60% son mulleres; esta maior proporcionalidade das mulleres tamén se manifesta en todas as tipoloxías da tarxeta aínda que en maior medida nos perfís correspondentes a persoas universitarias (68,12%), desempregadas (64,28%) e xubiladas (64,07%). Tamén son mulleres as que maior uso realizan da Tarxeta Millennium no transporte público do bus urbano, preto do 68%.

PERSOAS USUARIAS DA TARXETA MILLENNIUM SEGUNDO SEXO E TIPOLOXÍA DA TARXETA				
Perfil da tarxeta	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Xeral	66.779	39,91%	100.549	60,09%
Escolar	2.665	49,54%	2.714	50,46%
Universitario/a	381	31,88%	814	68,12%
Desempregado/a	2.562	35,72%	4.611	64,28%
Xubilado/a	826	35,93%	1.473	64,07%
Discapacidade	266	42,09%	366	57,91%
Pensionista	467	43,56%	605	56,44%
TOTAL	73.946	39,95%	111.132	60,05%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Facenda e Administración. Datos de febreiro de 2016

VIAXES EN BUSES URBANOS ABOADAS COA TARXETA MILLENNIUM SEGUNDO SEXO E PERFIL DA TARXETA		
Perfil da tarxeta	% homes	% mulleres
Xeral	32,12%	67,88%
Escolar	46,58%	53,42%
Universitario/a	32,56%	67,44%
Desempregado/a	34,05%	65,95%
Xubilado/a	32,13%	67,87%
Discapacidade	41,11%	58,89%
Pensionista	40,38%	59,62%
TOTAL	34,07%	65,93%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Facenda e Administración. Datos do ano 2015

b. Bibliotecas municipais

As estatísticas dispoñibles do Servizo Municipal de Bibliotecas mostran o número de persoas asociadas segundo o sexo e a categoría: infantil e adulta. En ambas as dúas, a maior proporción prodúcese nas mulleres, 52% infantil e 58,3% entre as persoas adultas.

NÚMERO DE SOCIOS/AS DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA CORUÑA				
	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Infantil (0-14 anos)	6.034	48,0%	6.526	52,0%
Adultos/as	28.439	41,7%	39.716	58,3%
TOTAL	34.473	42,7%	46.242	57,3%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Cultura, Deporte e Coñecemento. Datos do 31/12/2015

c. Escolas Deportivas Municipais

Segundo os datos da relación de actividades das Escolas Deportivas Municipais –de xestión directa- o maior uso vén dado polas mulleres que, en xeral, representan preto do 72% das persoas usuarias. A participación nas diferentes actividades deportivas ofertadas mostra unha segregación orientada polo xénero.

A participación dos homes concéntrase arredor de 4 especialidades: Aikido, Judo, Esgrima e Tenis, en todas elas con máis do 60%; e tamén nas de Atletismo e Bádminton, nas que a maior incidencia é a masculina, aínda que en proporcións máis equilibradas (57,9% e 54,3% respectivamente).

A participación das mulleres é maioritaria no resto das actividades deportivas, aínda que con diferenzas entre os niveis de feminización do uso de determinadas especialidades, nas que, agás as relacionadas con aspectos de incidencia específica na saúde feminina, hai unha maior relación con aspectos educativos da socialización diferenciada e o efecto dos modelos de femineidade tradicional. Hai dúas prácticas deportivas de participación exclusivamente feminina: Natación prenatal e Ximnasia rítmica; en 4 especialidades a participación é case exclusivamente feminina, con concentracións superiores ao 90%, é o caso das actividades de GAP e BAL, as de Bailes –salón e latinos-, a de Patinaxe artística e Pilates. Tamén se dá unha alta concentración feminina –entre o 60% e o 89%- nas actividades de Mantemento, Funcional, Natación e Adestramento persoal. A práctica doutras actividades, como o Pádel, con ter tamén

maior participación feminina, dáse en proporcións máis equilibradas (51%) cás especialidades relacionadas.

NÚMERO DE PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE XESTIÓN DIRECTA POR SEXO E ACTIVIDADE. CURSO 2015-2016				
Actividade	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Aikido	23	60,5%	15	39,5%
Atletismo	22	57,9%	16	42,1%
Bádminton	19	54,3%	16	45,7%
Bailes de salón	1	5%	19	95%
Bailes latinos	2	10%	18	90%
Adestramento persoal	14	38,9%	22	61,1%
Escalada	5	50%	5	50%
Esgrima	18	66,7%	9	33,3%
GAP e BAL	3	3,5%	83	96,5%
Judo	22	84,6%	4	15,4%
Mantemento	168	16,6%	846	83,4%
Natación	496	37,2%	837	62,8%
Natación prenatal	0	0%	42	100%
Funcional	53	23,25%	175	76,75%
Padel	31	48,4%	33	51,56%
Patinaxe artística	10	10%	90	90%
Pilates	11	10,2%	97	89,8%
Tenis	58	61,05%	37	38,95%
Ximnasia rítmica e artística	0	0%	67	100%
TOTAL	954	28,2%	2.431	71,8%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Cultura, Deporte e Coñecemento

d. Servizo Municipal de Emprego

Mulleres e homes participan no Servizo Municipal de Emprego en porcentaxes próximas, na marxe do 40%-60%. As maiores fendas danse na Formación de apoio á inserción no que as mulleres representan o 59,5% das persoas usuarias e na Formación ocupacional, no que representan a menor porcentaxe: o 39,4%.

En información e orientación para o emprego a distribución por sexo é similar, aínda que cun maior número de mulleres pero tamén son máis as mulleres rexistradas no paro na cidade.

Na formación, a distribución por sexo está mediatizada polas especialidades e o tipo de formación. Na formación complementaria ou de apoio á inserción como un complemento ao perfil predominan as mulleres. Tamén porque os cursos están máis vinculados a oficios dos comercios e hostalaría ou á mellora de habilidades para a procura de emprego.

Pola contra nas especialidades de formación ocupacional, o meirande número de homes débese á impartición de cursos vinculados á tradición laboral nos homes, como son as de vixilancia, construción e actividades relacionadas (soldadura, carpintería, transporte, albanelaría, pintura, almacenaxe).

Nas especialidades de novas tecnoloxías depende do contido: máis homes nas de aplicación para móbiles, reparación de tabletas, e de iniciación á informática, mentres que hai máis mulleres para determinados programas vinculados aos traballos administrativos nas empresas (Office, Xestión de informática empresarial).

Persoas usuarias. Departamentos municipais de Emprego e Promoción Económica (Área de Emprego e Economía Social)			
Programas	Homes	Mulleres	% mulleres
Información e orientación para o emprego	1.166	1.409	44,7%
Formación de apoio á inserción	207	304	59,5%
Formación ocupacional	381	248	39,4
Candidaturas enviadas a ofertas de emprego	1.127	1.187	51%
Información e asesoramento para a creación de empresa	331	405	55%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Emprego e Economía Social. Observatorio Sociolaboral

e. Oficina Municipal de Información ao Consumo (OMIC)

Ao servizo que presta a OMIC acoden máis mulleres que homes, aínda que en porcentaxes bastante próximas. En maior medida son mulleres as que presentan reclamacións na OMIC para ser xestionadas –o 56%- e con maior equilibrio no caso das consultas realizadas: o 51%.

Persoas usuarias da OMIC (Oficina Municipal de Información ao Consumo) Área de Emprego e Economía Social			
	Homes	Mulleres	% mulleres
Persoas que fixeron reclamacións na OMIC (reclamacións xestionadas pola OMIC)	434	548	56%
Consultas realizadas na OMIC	8.007	8.413	51%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Emprego e Economía Social. Oficina Municipal de Información ao Consumo (OMIC)

f. Ocio e actividades lúdicas

Hai unha alta participación feminina nas actividades lúdicas e de ocio organizadas desde os centros públicos municipais. Utilizando como referencia os datos recollidos polos centros Ágora e Fórum Metropolitano durante o 2015, poderíase dicir que máis do 75% da participación nas actividades da campaña de primavera e outono son mulleres. Soamente hai un par de especialidades nas que as porcentaxes mostran unha participación máis equilibrada: Astronomía e Fotografía e parte da oferta específica para menores.

PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE OCIO DO FÓRUM METROPOLITANO PRIMAVERA 2015, POR SEXO E AGRUPACIÓN TEMÁTICA				
Agrupación temática	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Cidade	24	27,0%	65	73,0%
Historia e arte	21	10,4%	181	89,6%
Literatura	8	12,1%	58	87,9%
Cine	36	22,8%	122	77,2%
Astronomía	18	45,0%	22	55,0%
Música	16	15,0%	91	85,0%
Teatro	15	26,8%	41	73,2%
Fotografía	7	46,7%	8	53,3%
Habilidades creativas	7	10,3%	61	89,7%
Habilidades mentais e sociais	6	12,2%	43	87,8%
Monográfico	3	4,1%	71	95,9%
Oferta específica para nenas e nenos (4-12 anos)	16	29,6%	38	70,4%
Oferta específica +70 anos	12	11,5%	92	88,5%
TOTAL	189	17,5%	893	82,5%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Cultura, Deporte e Coñecemento

PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE OCIO DO ÁGORA PRIMAVERA 2015, POR SEXO E AGRUPACIÓN TEMÁTICA				
Agrupación temática	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Cidade	19	33,9%	37	66,1%
Historia e arte	18	24,0%	57	76,0%
Literatura	10	22,7%	34	77,3%
Cine	15	38,5%	24	61,5%
Astronomía	14	43,8%	18	56,3%
Música	2	16,7%	10	83,3%
Teatro	6	16,7%	30	83,3%
Cociña	50	31,3%	110	68,8%
Creatividade manual	3	8,6%	32	91,4%
Novas tecnoloxías	4	33,3%	8	66,7%
Actividade motriz	12	10,6%	101	89,4%
Monográfico	5	31,3%	11	68,8%
Oferta específica para nenas e nenos (4-12 anos)	12	12,0%	12	88,0%
Oferta específica para adolescentes (10-14 anos)	1	50,0%	17	50,0%
Oferta específica +70 anos	16	5,6%	117	94,4%
TOTAL	187	23,2%	618	76,8%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Cultura, Deporte e Coñecemento

PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE OCIO DO FÓRUM METROPOLITANO OUTONO 2015, POR SEXO E AGRUPACIÓN TEMÁTICA				
Agrupación temática	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Cidade e arquitectura	27	25,5%	79	74,5%
Historia e arte	43	16,5%	218	83,5%
Literatura, escritura creativa e novas tecnoloxías	21	20,2%	83	79,8%
Cine	41	23,6%	133	76,4%
Astronomía e ciencias	17	42,5%	23	57,5%
Música	19	14,6%	111	85,4%
Teatro	3	15,0%	17	85,0%
Fotografía	20	55,6%	16	44,4%
Creatividade manual	10	8,9%	102	91,1%
Habilidades mentais e sociais	4	12,1%	29	87,9%
Medio	7	41,2%	10	58,8%
Monográfico	2	2,8%	70	97,2%
Oferta específica para nenas e nenos (4-8 anos)	9	45,0%	11	55,0%
Oferta específica para nenas e nenos (6-12 anos)	6	60,0%	4	40,0%
Oferta específica para nenas e nenos (9-12 anos)	4	26,7%	11	73,3%
Oferta específica +65 anos	12	12,6%	83	87,4%
TOTAL	245	19,8%	992	80,2%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Cultura, Deporte e Coñecemento

PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE OCIO DO ÁGORA OUTONO 2015, POR SEXO E AGRUPACIÓN TEMÁTICA				
Agrupación temática	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Cidade e contorno	15	21,7%	54	78,3%
Historia e arte	22	24,4%	68	75,6%
Literatura, escritura creativa e novas tecnoloxías	9	18,0%	41	82,0%
Cine	15	31,9%	32	68,1%
Música	5	26,3%	14	73,7%
Teatro	14	20,6%	54	79,4%
Cociña	47	29,6%	112	70,4%
Creatividade manual	4	14,8%	23	85,2%
Fotografía	10	43,5%	13	56,5%
Actividade motriz	9	10,2%	79	89,8%
Habilidades mentais e sociais	2	10,5%	17	89,5%
Monográfico	11	39,3%	17	60,7%
Oferta específica para nenas e nenos (4-8 anos)	6	42,9%	8	57,1%
Oferta específica para nenas e nenos (9-12 anos)	6	66,7%	3	33,3%
Oferta específica para nenas e nenos (10-14 anos)	1	5,3%	18	94,7%
Oferta específica +65 anos	15	11,5%	115	88,5%
TOTAL	191	22,2%	668	77,8%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Cultura, Deporte e Coñecemento

g. Servizo de Atención Infantil para a conciliación. Canguraxe municipal

O Servizo de Atención á Infancia que presta o Concello da Coruña ten tres modalidades: os Espazos de Atención á Infancia (EAI), atención a domicilio (canguraxe) e unha ludoteca coeducativa. Nos tres servizos a participación dos nenos e das nenas é moi equilibrada (47%-50%).

- ✓ Os **espazos de atención á infancia** utilízanse de modo non regular para o acollemento e desenvolvemento de actividades de carácter lúdico-educativo dirixidas a menores de 4 a 12 anos. Os espazos son catro e están localizados nos centros cívicos municipais de Labañou, Castrillón e Monte Alto, así como no Centro Social da Sagrada Familia.
- ✓ A modalidade de **atención a domicilio** é un conxunto de accións vinculadas ao coidado e á atención a menores con idades comprendidas entre os 4 meses e os 12 anos no seu propio domicilio ou, se for o caso, fóra do domicilio.
- ✓ **A ludoteca coeducativa** de Novo Mesoiro -Centro Cívico Municipal de Mesoiro- é un espazo socioeducativo de actividade regular e continuada dirixida a poboación infantil de 4 a 12 anos así como as unidades familiares de referencia, no que se favorece o desenvolvemento persoal, social, afectivo e cognitivo do menor a través dos xogos e xoguetes.

Servizo de Atención á Infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal				
Modalidades	Nenos	Nenas	Total	% nenas
Espazos de atención á infancia	291	257	548	47%
Atención ao domicilio	171	170	341	49,8%
Ludoteca coeducativa	106	107	213	50,2%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

h. Atención a grupos poboacionais específicos

O foco de atención deste epígrafe é sobre os servizos e programas municipais que van dirixidos a perfís poboacionais específicos atendendo a variables socioeconómicas e persoas afectadas por desigualdades estruturais derivadas da súa identidade, sexos e/ou pertenza a un grupo poboacional percibido socialmente como 'vulnerable' ou 'minorizado'. Destacan os servizos prestados a través do Centro de Información dos Dereitos ás Mulleres, a Unidade de Atención á poboación Migrante, o Servizo de atención á menores do Centro de Planificación Familiar e gran parte dos Servizos Sociais municipais.

h.1. Centro de Información dos Dereitos ás Mulleres (CIM)

As mulleres son as usuarias a quen se dirixen os servizos que presta o CIM, coa única excepción dos servizos e programas que involucran atención directa a menores, tanto as

acción educativas de fomento da igualdade e prevención de violencia de xénero como o servizo de intervención psicolóxica con menores en situación de violencia de xénero; únicas excepcións nas que hai homes como usuarios do CIM.

Con respecto aos servizos especificamente dirixidos ás mulleres, a maior demanda é a do asesoramento xurídico, seguido do psicolóxico e o social; aínda que os devanditos servizos teñen carácter multidimensional, en todos aparece o tema da violencia de xénero, xa sexa como factor causal indirecto ou directo do que motiva a atención polo CIM.

PERSOAS USUARIAS DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES – ANO 2015			
Programa de atención ás mulleres e menores en situación de especial vulnerabilidade			
Servizo	Homes	Mulleres	Total
Información e asesoramento psicolóxico	0	300	300
Información e asesoramento xurídico	0	404	404
Información e asesoramento social	0	257	257
Servizo telefónico de Atención e Protección para mulleres vítimas de violencia de xénero (ATEMPRO)	0	142	142
Orientación sociolaboral e mellora da empregabilidade das mulleres	0	177	177
Proxecto de intervención psicolóxica con menores que sofren violencia de xénero	19	31	50
Programa do fomento da igualdade de oportunidades			
Accións	Homes	Mulleres	Total
Accións educativas de fomento da igualdade e prevención de violencia de xénero para menores e mocidade	1.300	1.229	2.529

Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

h.2. Unidade de Atención á poboación Migrante (UAMI)

O equipo da UAMI atende tanto a mulleres como a homes con procedencia ou nacionalidade estranxeira, en proporcións moi equilibradas, aínda que resulta superior a porcentaxe de mulleres en xeral (51,6%). Entre os servizos solicitados a demanda segundo sexo mostra comportamentos diferenciados; e así, nos que inciden maiormente as mulleres son os de asesoramento xurídico (63,8%), social e laboral, mentres que a maior incidencia das solicitudes dos homes é a das accións formativas (59%). Con respecto á participación na Escola Intercultural tamén é maior a proporción de nenos (62,5%) respecto das nenas (37,5%).

PERSOAS USUARIAS DA UNIDADE DE ATENCIÓN Á POBOACIÓN MIGRANTE – ANO 2015				
Servizos	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Información e asesoramento social	206	48,1%	222	51,9%
Información e asesoramento xurídico	139	36,2%	245	63,8%
Información e asesoramento laboral	148	47%	167	53%
	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Accións formativas	285	59,1%	197	40,9%
	Nenos	% nenos	Nenas	% nenas
Escola Intercultural	30	62,5%	18	37,5%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

h.3. Centro de Planificación Familiar. Servizo de atención a menores de 20

O Servizo de información e asesoramento afectivo-sexual prestado desde o Centro de Planificación Familiar vai dirixido á poboación en xeral e préstase baseándose no concerto que segue activo entre o Concello da Coruña e a Xunta de Galicia –vía SERGAS-. Con todo, hai un servizo específico dirixido a menores de 20 anos que ten unha evolución de interese para analizar os datos de participación directa.

O programa de ‘Tarde Xove’ comezou en 1994 co obxectivo de lles ofrecer ás persoas menores de 20 anos un espazo propio para facilitar o acceso á información sexual e á anticoncepción. No desenvolvemento do programa participaron tanto o Concello da Coruña como o Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Dende o mes de agosto do ano 2009 o programa foi suspendido pola xerencia do hospital (CHUAC) perdendo o único programa galego destas características.

A evolución dos datos de atención a menores durante os últimos 10 anos mostra a incidencia do peche do programa en 2009, aínda que o equipo profesional do Centro de Planificación Familiar da Coruña (situado en Orillamar) seguira prestando a atención á xente moza que acudía por primeira vez ao Centro de Planificación Familiar, as solicitudes iniciaron unha tendencia descendente que aínda persiste.


O programa tivo unha incidencia moi desigual entre mozos e mozas, sendo as mulleres novas as que fundamentalmente acudiron ao Servizo de información e asesoramento sexo-afectivo e de anticoncepción entre as persoas menores de 20 anos, como mostran os datos dos últimos 10 anos que recolle a seguinte táboa.

Menores de 20 anos que acoden por primeira vez ao Centro de Planificación Familiar - Orillamar					
Ano	Número	% sobre servizos	Homes	Mulleres	Media idade
2004	330	23%	0,61%	99,39%	15-16
2005	422	22,60%	0,71%	99,29%	19
2006	407	23,30%	0,25%	99,75%	18
2007	380	23,80%	0,79%	99,21%	19
2008	424	25,10%	0,00%	100,00%	19
2009	346	21,80%	0,29%	99,71%	19
2010	245	16,90%	0,82%	99,18%	17-18
2011	288	17,20%	0,69%	99,31%	18-19
2012	275	18,90%	0,73%	99,27%	18-19
2013	283	15,30%	0,71%	99,29%	18-19
2014	223	12,60%	0,90%	99,10%	16-18

Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade. Centro de Planificación Familiar

h.4. Servizos Sociais

As mulleres son as principais usuarias dos Servizos Sociais municipais, o 63% do total de persoas atendidas aínda que, en gran parte, desempeñan o rol de intermediarias na tramitación ou obtención de recursos sociais entre o Concello e quen é a persoa beneficiaria directa.



Fonte: Elaboración propia. Datos do Concello da Coruña. Área de Xustiza Social e Coidados

As demandas que maiormente realizan as mulleres usuarias dos Servizos Sociais municipais, segundo a orde de incidencia, son as relacionadas coas axudas económicas, as de pago único e as de pago periódico; neste sentido, as Axudas de Emerxencia Social (AES) do concello resultan ser as máis solicitadas por elas (1.102 no 2015), seguidas das AES da Xunta de Galicia, solicitadas en igual proporción por homes e por mulleres. Con respecto ás axudas económicas de pagamento periódico, a RISGA, o Salario da Liberdade e a prestación económica para residencia de maiores son os tres conceptos máis demandados.

Na seguinte escala de importancia están as prestacións relacionadas coa falta de autonomía persoal e/ou familiar (66% son solicitadas por mulleres) e outros apoios á unidade de convivencia. Neste grupo, os recursos de maior interese para as usuarias que acoden aos Servizos Sociais refírense, por unha parte, a axudas prácticas para o rol tradicional de coidadoras familiares que seguen a asumir gran parte das mulleres, como a petición de servizos de coidado e atención a persoas adultas dependentes no núcleo familiar, mediación, respiro familiar e servizo de comida a domicilio; por outra parte, o acceso a recursos facilitadores da inserción, para elas mesmas ou outros membros familiares, como as prestacións de axudas técnicas ou tecnolóxicas –teleasistencia-, o apoio socioeducativo ou apoio na formación para a inserción laboral.

Nun terceiro nivel de tipo de recursos demandados sitúanse a petición de información sobre as posibilidades de prestacións de Servizos Sociais e as derivacións a outros recursos, programas ou servizos, tanto dentro do sistema de servizos sociais como doutros sistemas.

Recursos xestionados desde Servizos Sociais	H	M	Total	% mulleres
Información sobre prestacións de servizos sociais	148	329	493	67%
Información xeral sobre prestacións de servizos sociais	18	39	60	65%
Tramitación para o acceso aos recursos non dependentes do sistema de SSSS	46	98	146	67%
Información e derivación a outros sistemas	65	106	175	61%
Derivación cara a recursos e servizos internos do sistema de SSSS	51	143	197	73%
Derivación aos recursos institucionais non gobernamentais	39	72	112	64%
Canalización cara a programas sectoriais municipais	57	138	195	71%
Prestacións relacionadas coa falta de autonomía persoal e/ou familiar	314	627	953	66%
Prestacións de axudas técnicas e tecnolóxicas	66	336	409	82%
Outros apoios á unidade convivencial	209	416	638	65%
Apoio de carácter persoal fóra do fogar	20	50	70	71%
Actuacións específicas de apoio á unidade convivencial	7	36	43	84%
Residencias e internados	69	157	227	69%
Albergues	4	2	6	33%
Centros de acollida	7	41	48	85%
Vivendas tuteladas	1	1	2	50%
Aloxamento de urxencia	1	5	6	83%
Actuacións para o aloxamento familiar		2	2	100%
Centros, programas e actuacións de inserción social	112	141	255	55%
Centros, programas e actividades ocupacionais	22	32	54	59%
Centros, programas e actividades de relación social, ocio e tempo libre	75	138	216	64%
Programas e actuacións de prevención e promoción social	52	89	143	62%
Servizos prevención das situacións de dependencia e promoc. autonomía persoal		2	2	100%
Pensións non contributivas PNC	3	3	8	38%
Axudas económicas públicas periódicas	503	634	1.153	55%
Axudas económicas públicas de pagamento único	814	1.244	2.077	60%
Atencións que implican alimentación	59	131	193	68%
Outras axudas en especie vinculadas a situación de necesidade	12	18	30	60%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Xustiza Social e Coidados


i. Proceso participativo 'A Porta Aberta'

O programa de procesos participativos "A Porta Aberta" comezou a súa andaina no mes de setembro de 2015; inclúese nesta primeira aproximación por consideralo como un servizo incipiente aberto á participación da cidadanía para a organización da cidade en distritos.

No marco deste proceso leváronse a cabo un total de 28 encontros presenciais coa veciñanza de todos os barrios, un encontro coas persoas representantes das entidades veciñais da

cidade e 5 encontros sectoriais máis con representantes de colectivos específicos como empresarios, taxistas, limpeza, correos e a Universidade da Coruña (UDC).

A participación global nestes encontros presenciais situouse arredor de 750 persoas (57% mulleres). O Concello ofreceu un servizo de conciliación familiar e atención á infancia para facilitar a asistencia das familias con menores a cargo.



Fonte: Elaboración propia. Datos do Concello da Coruña. Área de Participación e Innovación Democrática